

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica. SERVIZO DE DEPORTES

BASES DA CONVOCATORIA DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS (PILOTOS) DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026

Para impulsar a práctica deportiva, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, convoca premios para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, –especialmente nas etapas de iniciación– para progresaren na súa formación integral.

Nesa perspectiva é na que se insire o presente programa de premios a deportistas individuais, disciplina automobilismo, nas especialidades de rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026, tendo en conta que se trata dunha disciplina deportiva e modalidades de relevante peso social e deportivo na provincia de Lugo, cun amplo seguimento social, do que son proba as distintas competicións de nivel galego e estatal que se desenvolven na provincia de Lugo.


E de acordo, por tanto, co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026–2028) da Deputación Provincial de Lugo e no Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026, búscase promover ente outros obxectivos específicos:

- 4) (...) *Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.*
- 5) *Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, a loita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.*
- 6) *Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.*
- 12) *Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.*
- 13) *Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.*
- 14) *Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.*
- 17) *A promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.*
- 22) *Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.*

PRIMEIRA.– OBXECTO

Constitúe o obxecto das bases desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2026, destinados a deportistas individuais (pilotos) da

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	1/14



disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas.

RÉXIME DA CONVOCATORIA

Os premios para deportistas individuais da provincia de Lugo pilotos de rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026, articularanse na modalidade premios (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18), con previsión dunha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e que contribúa aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/es/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

SEGUNDA.- DESTINATARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

A. REQUISITOS PERSOAIS

- Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, e por tanto, acreditar o seu empadramento nalgún municipio da provincia de Lugo, actualizado ao momento do inicio do prazo de presentación de solicitudes. É dicir, a data de expedición do certificado deberá ser posterior á data de publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.
- Posuír licenza/ficha federativa de piloto durante o ano 2025 e manter na data de presentación de solicitudes (ano 2026) licenza/ficha federativa oficial de piloto, na disciplina e/ou modalidade para a que solicita o premio.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
- Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.


B. REQUISITOS DEPORTIVOS.

Para poder ser beneficiario/a do premio, o/a deportista individual (piloto) deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa o cumprimento do requisito de ter participado en competicións oficiais e federadas durante a anualidade 2025, de acordo cos seguintes criterios:

1.- Acreditar a participación, como mínimo, en unha (1) das seguintes probas oficiais federadas da provincia de Lugo durante a anualidade 2025:

- Rally San Froilán
- Rally da Mariña Lucense
- Subida a Chantada
- Subida á Pontenova

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	2/14



– Subida a Taboada

2.- Ou ben, de non cumprir o requisito anterior, acreditar a participación, como mínimo, en dúas (2) probas de carácter oficial e federado, durante a anualidade 2025, de acordo ás probas e competicións dos calendarios oficiais da Federación galega de automobilismo, Federación española ou Federación Internacional de automobilismo.

Establécese como tempada o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2025 até o 31 de decembro do 2025. Estes premios non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

Os premios regulados na presente convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

A participación nas competicións e probas indicadas neste punto como requisitos deportivos para poder ser beneficiario/a de premio, deberá estar expresamente indicadas na respectiva certificación federativa. De non reflectirse expresamente tal circunstancia na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.

TERCEIRA.- MODALIDADES E GRUPOS

As modalidades de rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas que exclusivamente se considerarán válidas para a acreditación dos requisitos deportivos reflectidos na base SEGUNDA.B, son as seguintes:

- **CAMPIONATO INTERNACIONAL.**
 - a) RALLY DE ASFALTO
 - b) RALLY DE TERRA
 - c) MONTAÑA
- **CAMPIONATO DE ESPAÑA**
 - a) RALLY DE ASFALTO
 - b) RALLY DE TERRA
 - c) MONTAÑA

(Válidos todos os grupos establecidos pola Federación Internacional ou Española de Automobilismo para este tipo de modalidades dentro do Campionato Internacional/de España de rallys de asfalto, terra e montaña, agás os grupos pertencentes ás modalidades expresamente excluídas nas presentes bases)


- **COPAS PROMOCIÓN**

(Válidos todos os grupos establecidos pola Federación Internacional (FIA) ou Federación Española de Automobilismo para este tipo de modalidades dentro do Campionato Internacional/Campionato de España de rallys de asfalto, terra e montaña, agás os grupos pertencentes as modalidades expresamente excluídas nas presentes bases).

- **CAMPIONATO INTERNACIONAL (FIA)/CAMPIONATO DE ESPAÑA DE ECO RALLYES DE ENERXÍAS ALTERNATIVAS**

(Válidos todos os grupos establecidos pola Federación Internacional (FIA) ou Federación Española de Automobilismo para esta modalidade)

- **CAMPIONATO GALEGO**
 - a) RALLY DE ASFALTO
 - b) RALLY DE TERRA

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09		
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	3/14		

c) MONTAÑA

(Válidos todos os grupos establecidos pola Federación Galega para este tipo de modalidades dentro do Campionato Galego de rallys de asfalto, terra e montaña agás os grupos pertencentes as modalidades expresamente excluídas)

- **COPAS PROMOCIÓN**

(Válidos todos os grupos establecidos pola Federación Galega para este tipo de modalidades dentro do Campionato Galego agás os grupos pertencentes as modalidades expresamente excluídas)

- **CAMPIONATO INTERNACIONAL/CAMPIONATO DE ESPAÑA/CAMPIONATO GALEGO DE RALLYS PARA VEHÍCULOS HISTÓRICOS**

(Válidos todos os grupos establecidos pola Federación Internacional (FIA) /Federación Española ou Federación galega de Automobilismo dentro do Campionato Internacional/Campionato de España/Campionato galego de rallys de rallys de para vehículos históricos agás os grupos pertencentes as modalidades expresamente excluídas nas presentes bases).

MODALIDADES EXCLUÍDAS

Quedan expresamente excluídas as seguintes modalidades:

- **CAMPIONATO INTERNACIONAL / CAMPIONATO DE ESPAÑA**

Off road
Karting
Circuíto velocidade
Circuitos
Series FIA solicitadas pola RFEA
Campionatos/copas FIA/probas internacionais
Todoterreo


- **CAMPIONATO DE GALICIA**

Rallymix
Rallysprint
Autocross
Karting
Slalom
Todoterreo
2ª cat-outros eventos

CUARTA.- PREMIOS E CONTÍAS

O importe dos premios destinados a deportistas individuais piloto/a de rally de de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas , anualidade 2026, que a Deputación Provincial pode conceder, estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
-----------------------	-----------------------

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	4/14	

300,00 €	2.500,00 €
----------	------------

Os premios a conceder serán a resultante da respectiva aplicación dos criterios de puntuación total, – de maior a menor–, acadada por cada solicitante en base aos criterios de avaliación da base NOVENA das bases da presente convocatoria e tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada un dos premios.

Para a asignación do correspondente premio, o procedemento a seguir será o seguinte:

- Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor do punto en euros será o resultado de dividir o total do crédito orzamentario establecido para esta convocatoria (45.000,00 €) entre a suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas de todos os/as deportistas solicitantes, de acordo cos criterios establecidos na presente convocatoria.
- En consecuencia, o importe do premio a conceder, no seu caso, derivará do resultado de multiplicar o valor en euros do punto, polos puntos totais conseguidos por cada solicitante, de acordo co baremo establecido.
- No caso de se producir remanentes unha vez atribuídos os importes de premios que no seu caso correspondan, procederase á súa distribución entre aqueles/as solicitantes que lograsen acadar pola puntuación acreditada o importe mínimo establecido (300,00 €) e non superasen o importe máximo establecido (2.500,00 €) en base á respectiva puntuación obtida, e de xeito consecutivo ata que se produza un remanente de 0 euros, e por tanto a atribución da totalidade do crédito orzamentario. A salvo en todo caso, de que o número de solicitudes formuladas e a aplicación dos importes máximos establecidos (2.500,00 euros), impida a distribución da totalidade do crédito disposto.
- O importe mínimo de 300,00 euros arriba indicado, vén establecido en aplicación dos criterios recollidos no Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026–2028) da Deputación Provincial de Lugo, apartado 7.1, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026. En consecuencia, non procederá a asignación de premio a aqueles/as solicitantes que non acrediten por certificación federativa e de acordo aos criterios establecidos, puntuación suficiente para que en aplicación do procedemento descrito anteriormente, acaden unha cantidade mínima de 300,00 euros.

QUINTA.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO


A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €). Os presentes premios teñen cabida na aplicación orzamentaria 3410.481, segundo se recolle no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (PLAN PLURIANUAL 2026–2028), Área de Deportes na súa liña 12.1 C) DEPORTES.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes dirixiranse á Presidenta e serán presentadas no prazo e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na presente convocatoria e formularanse nos modelos normalizados xunto coa documentación que sexa preciso achegar. a través de calquera das seguintes modalidades:

- a) De forma presencial. Mediante a presentación da solicitude e da documentación anexa nos respectivos modelos normalizados na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial de Lugo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	5/14



39/2015, de do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) De forma telemática. A presentación das solicitudes que se realice por medios telemáticos deberá facerse a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Deputación de Lugo.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro de entrada e/ou de expediente, se se dispón del, e o servizo responsable do procedemento.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

O **prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles**, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Cada piloto deportista só poderá presentar **(1) unha única solicitude** (Anexo I) e **optar a (1) un único premio**, independentemente do número de modalidades deportivas de automobilismo que practique.

As **solicitudes (Anexo I)** virán acompañadas da seguinte documentación:


a) **Copia do NIF** do interesado/a (no caso de ser menor de idade na data de solicitude deberán achegar tamén a copia do NIF do pai/nai/titor/a e asinar esta persoa todos os anexos).

b) **Certificado** de empadramento do/da solicitante no concello da provincia de Lugo correspondente, actualizado ao momento do inicio do prazo de presentación de solicitudes. É dicir, a data de expedición do certificado deberá ser posterior á data de publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.

c) **Declaración responsable (ANEXO II)** na que se reflicta que:

- I. Que cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario/a do premio.
- II. Que en anos anteriores, de ter recibido unha bolsa/premio polo mesmo concepto da Deputación de Lugo, cumpriu coas obrigas inherentes ao mesmo/á mesma.
- III. Que non solicitou/recibiu outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.
- IV. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e Deputación Provincial de Lugo) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado pola Deputación de Lugo.
- V. Que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado pola Deputación de Lugo.
- VI. Que SI NON autoriza á Deputación Provincial de Lugo a facerme comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de premios

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	6/14



para deportistas individuais piloto/a de rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas, anualidade 2026.

d) Documento bancario. Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente premio e no que necesariamente figurará o/a deportista solicitante como titular. O aboamento do premio será efectuado mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo/a solicitante.

e) DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER DEPORTIVO PARA A VALORACIÓN DA SOLICITUDE:

Certificado oficial expedido pola respectiva federación (**ANEXO III**) que acredite:

– A posesión da correspondente licenza federativa oficial do/da piloto durante a anualidade 2025 e na anualidade de solicitude do premio (ano 2026).

– De acordo co establecido na presente convocatoria, acreditación na certificación federativa da participación no período desde o 1 de xaneiro de 2025 até o 31 de decembro do 2025, e de acordo ao previsto na base TERCEIRA da presente convocatoria:

1.– Da participación, como mínimo, en unha (1) das seguintes probas oficiais federadas:

- Rally San Froilán
- Rally da Mariña Lucense
- Subida a Chantada
- Subida á Pontenova
- Subida a Taboada

2.– Ou ben, de non cumprir o requisito anterior, acreditar a participación, como mínimo, en dúas (2) probas de carácter oficial e federado, no período desde o 1 de xaneiro de 2025 até o 31 de decembro do 2025, de acordo ás probas e competicións dos calendarios oficiais da Federación galega de automobilismo, Federación española ou Federación Internacional de automobilismo.

3.– Resultados deportivos e datos deportivos detallados de:

– Resultados individuais e no seu caso participación, en probas federadas, indicando en cada caso, o rally, a data de celebración, o campionato ao que pertence a respectiva proba, a clasificación individual xeral, por cada grupo, copa e agrupación, e calquera outro relativo aos méritos deportivos a valorar de acordo ao previsto na base TERCEIRA e aos criterios de valoración reflectidos na base NOVENA desta convocatoria (ano 2025):

– participación dentro dunha escudería lucense nas probas certificadas durante a anualidade 2025.


– outros elementos de valoración establecidos nesta convocatoria, etc, relativos ao/á deportista individual piloto solicitante (ano 2025):

- Solicitante con capacidades diferentes ou con copilot@s con capacidades diferentes
- Solicitante piloto muller ou deportista con copiloto muller.

Para todos aqueles elementos de puntuación e relativos aos criterios de valoración que non se reflectan expresamente na certificación federativa e non permitan a acreditación das condicións establecidas nos respectivos criterios de valoración e no correspondente cadro de valoración, procederá a asignación de oficio de 0 puntos.

O período de valoración de resultados será o comprendido desde o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025, de acordo cos criterios, probas e elementos de valoración establecidos

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	7/14



expresamente na base NOVENA desta convocatoria. O mencionado certificado debera estar expedido e asinado pola respectiva federación como acreditación de que os méritos deportivos alegados son certos. Non se considerará valido ningún certificado cuberto á man ou con indicacións e/ou modificacións realizadas á man.

Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, www.deputacionlugo.org

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

Os datos aportados para a solicitude e xestión da subvención serán tratados, na súa condición de responsable do tratamento pola Deputación de Lugo, coa finalidade de tramitar a solicitude, verificar os datos aportados e resolver sobre as solicitudes de concesión. A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), e no artigo 6.1.c) do RXPd, sendo o tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Os datos identificativos das persoas beneficiarias serán comunicados á Axencia Estatal da Administración Tributaria; Base de Datos Nacional de Subvencións; BOP, a fin de darlle a publicidade requirida ao procedemento.

Pode solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercer outros dereitos que lle asistan, e consultar información adicional, segundo se indica en <https://deputacionlugo.gal/gl/lopd> Datos de contacto do DPD: dpd@deputacionlugo.org

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude, o centro xestor da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, revisará a documentación achegada.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixera, terase por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.


A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

OITAVA.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

O centro xestor da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (servizo de Deportes) desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e o Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	8/14



As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os/as funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de avaliación para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.


NOVENA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A) RESULTADOS INDIVIDUAIS

CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL XERAL ABSOLUTA DO/DA PILOTO SOLICITANTE POR CADA PROBA DISPUTADA (2025)				CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL DO/DA PILOTO SOLICITANTE POR CADA PROBA DISPUTADA (2025)			
Clasificación individual xeral absoluta				Clasificación individual xeral absoluta			
Rallys asfalto/Terra e Montaña/rallys vehículos históricos e enerxías alternativas				Por grupo, agrupación e copas federadas			
Rallys asfalto/Terra e Montaña/rallys vehículos históricos e enerxías alternativas				Rallys asfalto/Terra e Montaña rallys vehículos históricos e enerxías alternativas			
POSICIÓN	Proba Campionato Internacional	Proba Campionato Estatal	Proba Campionato Galego	POSICIÓN	Proba Campionato Internacional	Proba Campionato Estatal	Proba Campionato Galego
1º	50	30	20	1º	40	29	17
2º	42	25	18	2º	32	24	15
3º	36	21	16	3º	26	20	14
4º	32	19	14	4º	22	18	13
5º	29	17	13	5º	19	16	12
6º	27	16	12	6º	17	15	11
7º	26	15	11	7º	16	13	10
8º	25	14	10	8º	15	11	9
9º	23	13	9	9º	13	10	8
10º	22	12	8	10º	12	8	7
11º a 16º	10	6	5	11º a 16	10	5	4
17º a 25º (ambos os dous incluídos)	8	5	3	17º a 25º (ambos os dous incluídos)	7	4	2
Participación (de posto 26º en diante)	5	3	1	Participación (de posto 26º en diante)	5	3	1

CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL ABSOLUTA CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYS 2025

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	9/14



1º	95 puntos
2º	80 puntos
3º	75 puntos
4º	60 puntos
5º	58 puntos
del 5º al 16º	45 puntos
del 16º al 30º	35 puntos

PARTICIPACIÓN EN PROBAS DO CAMPIONATO GALEGO DE RALLYS 2025 DISPUTADAS NA PROVINCIA DE LUGO

A valoración deste subapartado será complementaria e compatible coa que puidese corresponderlle nos apartados anteriores.

PROBAS	PUNTUACIÓN
Rally San Froilán Rally da Mariña Lucense Subida a Chantada Subida á Pontenova Subida a Taboada	8 puntos por cada proba disputada

OUTRAS VALORACIÓNS


CRITERIO	PUNTUACIÓN
B) Solicitante con capacidades diferentes ou con copilot@s con capacidades diferentes (5 puntos por cada proba federada durante o ano 2025. Máximo 15 puntos por deportista piloto solicitante)	5 puntos (Por cada proba disputada)
C) Solicitante piloto muller ou deportista con copiloto muller. Máximo 21 puntos por deportista piloto solicitante)	7 puntos (Por cada proba disputada)
D) Por pertencer o/a deportista piloto a algunha escudaría da provincia de Lugo durante a tempada 2025	11 puntos
E) Solicitante con idade comprendida entre os 18 e 30 anos (a data 31 de decembro de 2025)	12 puntos

Os datos a ter en conta na valoración a aplicar nos distintos apartados deberá estar acreditada cos respectivos certificados federativos oficiais.

E no seu caso, no respectivo documento acreditativo (idade): DNI.

Non procederá a respectiva asignación de puntos naqueles casos nos que a certificación federativa non acredite expresamente a participación do/da deportista piloto e o logro do respectivo posto na correspondente proba.

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	10/14



En consecuencia, non procederá a valoración e asignación de puntos para os casos nos que só se producise a inscrición do/da solicitante na respectiva proba, pero non quedase acreditada na respectiva certificación federativa a participación efectiva nela.

DÉCIMA.-ACORDOS DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS

– Acordo de concesión provisional:

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de avaliación, efectuará a proposta de concesión provisional, previa fiscalización, debidamente motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, para a presentación de alegacións.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP de Lugo e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

– Acordo de concesión definitiva:

1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de concesión definitiva, previa fiscalización, na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instrutor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.


Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

De acordo ao previsto no artigo 22 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Lugo, no caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial a renuncia á referida concesión, no prazo máximo de cinco días hábiles a partir da publicación do anuncio ou do acordo de concesión definitiva no BOP, entenderase que aceptan o premio.

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	11/14



públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo citado acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder dos seis meses. O prazo computarase a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.

4. Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido o devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigación de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3. b) da Lei 39/2015.

UNDÉCIMA.- PAGAMENTO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo Deputado-delegado de Deportes, e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes na base sexta das Bases e achegar copia da documentación contida na base sexta, puntos a), c) e d) ao Servizo de Intervención. Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta do premio concedido.

Procederase a respectiva retención de IRPF de cada un dos premios concedidos, segundo a normativa vixente.

DUODÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

Os beneficiarios/as dos premios están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidos premios.

Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores. Publicitar a súa condición de receptor de premios da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través dos soportes e mecanismos dos que dispoña na súa actividade deportiva susceptible de portar imaxe, e colaborar na promoción do deporte e da actividade física na provincia a través daqueles actos ou actividades que desenvolva a Área de Deportes da Deputación de Lugo, se así se lle requirese.

DÉCIMO TERCEIRA.- RENUNCIA, REVISIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.


Os premios concedidos deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelos falseando as condicións requiridas
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

A renuncia ao premio poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De se acreditar as circunstancias indicadas ou de se producir a renuncia, dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende a data do

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	12/14



pagamento do premio ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 36 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

DÉCIMO CUARTA.- PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA E MODIFICACIÓN DAS BASES

A vixencia da bases comezará no momento da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2026, e manterá a súa vixencia ata o aboamento dos premios que salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2028, debendo estar aprobados na data límite do 31 de decembro de 2027.

As presentes bases poden ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno sempre que as mesmas estean vixentes.


DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 29/1999 do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa, o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 26 de setembro de 2023 (BOP núm. 09, 11-01-2024); o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.


Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria.

DÉCIMO SÉTIMA.- RÉXIME DE RECURSOS

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09		
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	13/14		

prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

	IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Fecha y Hora	27/03/2026 11:39:09		
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KATMBPJTC4SQRNSEA7CIY	Página	14/14		